



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/04/2021 10:09:22

SAIDA

6865/21



Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 14/2021**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] mediante escrito do 15 de febreiro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de abril de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15 de febreiro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Consellería de Infraestrutura e Mobilidade-Augas de Galicia, á copia das análíticas dos 5 últimos anos ás que se refiren o Ditame Efectos Ambientais que achegaron, polo que foi autorizada a construción e a actividade do campo de golf de Domaio.

O reclamante indicaba que non recibiu reposta á súa solicitude.

Segundo. Con data do 17 de febreiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Infraestrutura e Mobilidade-Augas de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude por parte da Consellería foi o 19 de febreiro de 2021.

Terceiro. Con data do 8 de abril de 2021 a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade-Augas de Galicia contesta a petición remitindo o informe da Directora de Augas de Galicia no que se fai constar que no Ditame de Efectos Ambientais de 14.03.1991 (DEA 1991) ao que se fai referencia na solicitude, que se emite con carácter favorable ao proxecto construtivo do campo de golf, se establece entre outras condicións que con anterioridade ao comezo das obras realizaranse análises da calidade das augas nos mananciais situados na parcela, que comprobarán todos os parámetros que se indiquen na lexislación vixente sobre a calidade das augas para consumo humano e unha vez en funcionamento o campo de golf e demais instalacións, as análises realizaranse de forma periódica cada 6 meses, que serán remitidos á Consellería de Sanidade.

Informa Augas de Galicia que con motivo da tramitación dun expediente de queixa ante a Valedora do Pobo relacionada co asunto se lle deu traslado a Augas de Galicia das respostas dadas desde as Consellerías de Medio Ambiente e Sanidade a [REDACTED]

a) A da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente de 10 de abril de 2019 na que se informa que as obrigas que establece a declaración respecto das analíticas, subsisten e que o órgano substantivo identificado na mesma é a Consellería de Sanidade e a ela deben dirixirse estas.

b) A da Consellería de Sanidade, que informa a [REDACTED] con data do 15 de xullo de 2019, que non pode ser considerado órgano substantivo, xa que non ostenta as competencias para autorizar o proxecto.

Informa que Augas de Galicia carece de competencias para o control da calidade das augas para consumo humano, tendo competencias para a xestión do dominio público hidráulico e para elo esixirá as autorizacións e concesións que sexan procedentes pero non lle corresponde o control das augas para consumo humano, e ningunha área dependente de Augas de Galicia solicitou e/ou recibiu analíticas deste tipo, polo que a solicitude de documentación non pode ser atendida por Augas de Galicia senón pola Consellería de Sanidade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24

corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que a Augas de Galicia non resolveu a solicitude de forma expresa, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información pública é o dereito de toda persoa, neste caso unha asociación, a acceder á información pública, entendéndose esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no artigo 3.1 da Lei 1/2016 e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

No presente caso, o interesado solicitou á entidade Augas de Galicia o acceso a copia das análíticas dos últimos 5 anos que, en cumprimento do Ditame de efectos ambientais do 14 de

marzo de 1991, a empresa propietaria do campo de golf sito na parroquia de Domaio do Concello de Moaña, debe remitir á Consellería de Sanidade.

Augas de Galicia informa que carece de competencias para o control da calidade das augas para consumo humano, e que ningunha área dependente de Augas de Galicia solicitou e/ou recibiu analíticas deste tipo, polo que a documentación solicitada non pode ser atendida por non ser documentación que obre no seu poder.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non está en poder do órgano ao que se lle solicitou, esta debe, de acordo co disposto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, remitirla ao que considere competente. Non procede neste caso que Augas de Galicia faga a dita remisión, dado que xa que consta que a Consellería de Sanidade informou a [REDACTED] que as ditas analíticas non estaban no seu poder e que consideraba que non era o órgano substantivo e por tanto competente para recibilas, aínda que así figurase no ditame de efectos ambientais.

No presente caso, a entidade á que se lle solicitou a documentación, Augas de Galicia, non ditou resolución expresa sobre a solicitude e informa que carece da mesma, e o órgano ao que se fai referencia no ditame de efectos ambientais (Consellería de Sanidade) xa informou que tampouco ten a documentación solicitada no seu poder. Procede en consecuencia a estimación da reclamación presentada, debendo Augas de Galicia ditar resolución expresa inadmitindo, de ser o caso a solicitude, por estar dirixida a un órgano en cuxo poder non obra a documentación solicitada, de conformidade co disposto no artigo 18.1.d) da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED] con data do 15 de febreiro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade-Augas de Galicia, á copia das analíticas dos 5 últimos anos ás que se refiren o Ditame Efectos Ambientais que figura no expediente de autorización da construción e a actividade do campo de golf de Domaio.

Segundo: Instar a Augas de Galicia, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada no senso establecido no fundamento xurídico quinto, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Augas de Galicia, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.04.28 09:52:14 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.